

ANUNCIO

Faise público que de conformidade coa Resolución da alcaldía 618/2026 que se transcribe a continuación sométese a consulta pública por un prazo de 20 días a elaboración dun Regulamento de uso do local municipal de ensaio musical do Concello de Fene:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: **CONSULTA WEB PREVIA Á ELABORACIÓN DO NOVO REGULAMENTO DE USO DO LOCAL MUNICIPAL DE ENSAIO MUSICAL DO CONCELLO DE FENE.**

EXPTE 2026/G013/000002

De conformidade co artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local – LRRL, o municipio ten competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, na promoción da cultura e equipamentos culturais

O Concello de Fene conta cun local de ensaio musical sito na rúa San Salvador (parroquia de Perlío), módulo dereito, local dereito.

De conformidade co previsto no artigo 77 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais e o artigo 30 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións locais, o Concello de Fene, pretende dotarse dun Regulamento para este local ordenando o réxime de uso do dito ben e os dereitos de deberes das persoas usuarias.

Co obxectivo de garantir a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango regulamentario, e en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas -LPACAP-, con carácter previo á elaboración da ordenanza, debe substanciarse unha consulta pública previa para solicitar a opinión da cidadanía e das organizacións máis representativas que potencialmente se poidan ver afectados por esta, sobre unha serie de aspectos como son os problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma e as posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

En virtude do que antecede, cómpre someter a consulta pública a elaboración dun Regulamento de uso do local municipal de ensaio musical do Concello de Fene, polo que, en base ás competencia que me atribúe o artigo 21 LRRL, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Someter a consulta pública, durante un prazo de vinte días, previa á elaboración do **Regulamento de uso do local municipal de ensaio musical do Concello de Fene** a seguinte,

MEMORIA

a) Antecedentes:

Na actualidade o Concello de Fene non conta cun regulamento para o uso dos locais municipais de ensaio aprobado polo Pleno.

b) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:

Preténdese establecer unha regulamentación que ordene o emprego das instalacións de xeito que se garanta o bo uso en consonancia coa finalidade do servizo que pretende prestar.

c) Necesidade e oportunidade da súa aprobación:

A deficiente regulación do uso privativo das instalacións obriga a aprobar un regulamento axeitado que garanta o bo uso e orde da instalación, evitando problemas de ocupación e uso indebido.

d) Obxectivos da ordenanza :

Redactar unha norma específica que regule o uso das instalacións de forma que se garanta o bo uso destas priorizando, se é o caso,favorecendo xuventude, fomento galego e mulleres.

e) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias:

Non se consideran outras alternativas, xa que o obxecto do regulado efectúase no exercicio da potestade regulamentaria recoñecida no artigo 4 LBRL.

SEGUNDO.- Publicar a presente consulta no taboleiro de anuncios deste Concello e no seu sitio web para que os cidadáns, organizacións e asociacións que o consideren oportuno poidan facer chegar as súas opinións respecto diso a través da seguinte caixa de correo: secretaria@fene.gal

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Concello Pleno.

Asinado dixitalmente pola alcaldesa Alejandra Permuy Meizoso.